Mención especial merece **FOTO RIOS** que conserva milleiros de negativos de **Tito Ríos** e os douscentos cristais de **M. Saavedra** que se salvaron. Todo dixitalizado e catalogado nun exemplo de respecto polas obras deses artístas.

Tamén debemos destacar a importante aportación dos fondos da **Biblioteca Pública Municipal** de Pontedeume, singularizando o recoñecemento o labor dos seus xestores, **Alexandre Caínzos Corbeira** e **Loli Fraga Amigo**, que xunto a alguns profesores implicados levan 20 anos co programa de **FOTOGRAFIA FAMILIAR**, consolidando á comarca eumesa como un referente icónico en Galicia.


*Tripulación dunha parella (Anónimo,1920 aprox.)*



Por último, agradecer a vontade de **Lolo Placer Piñeiro** (1930-2019), de ofrecer ao pobo de Pontedeume a súa colección de maquetas de embarcacións de traballo. Nova aportación a sumar no patrimonio artístico eumés que multiplica o mérito desta exposición, feita en homenaxe ós fotógrafos, a Lolo e, por medio das súas obras, ás xentes da comarca e do mundo da mar ártabra. Unha festa de cultura popular, de recoñecemento e reencontro ca identidade vivencial e histórica.

O vello mariñeiro (José Rios,2012) AFR


*Escollendo mexilóns (Tito Ríos,1963)*

**Horario: de luns a venres de 19:30 a 21:30**
**sábados de 11:30 a 14:00**

**Visitas guiadas martes e xoves 20:30**
**sábados 13:00**

**Pase documental de luns a venres 21:00**

**Comisario: Xavier Brisset Martín**
**xavier@8mares.com**

**Dirección artística: Lucía Dancausa Martín**

**Diseño dixital: José Augusto Ríos Vázquez**

**Reprografía: Gráficas Joypa**

Deputación DA CORUÑA


*Bañistas na praia de Zopazos (M.Saavedra,1915 aprox.)*

# 150 anos dunha vila mariñeira

## Homenaxe ós fotógrafos eumeses
## Maquetas de Lolo Placer

**Casa da Cultura Pontedeume**

**Do 9 de Xullo ata o 1 de Agosto 2021**